

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de outubro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día tres de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1082).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

2(1083).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A SUBMINISTRACIÓN, EN RÉXIME DE ALUGUEIRO, DE ELEMENTOS DE ALUMEADO DECORATIVO NAVIDEÑO. EXPTE. 1042/106.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 22.09.14, o informe de fiscalización do 30.09.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Comercio, do 30.09.14, conformado polo concelleiro delegado de Comercio e pola concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 21 de xullo de 2014 o Concelleiro Delegado do Servizo de Comercio acordou iniciar o procedemento de contratación aberto para o subministro en réxime de aluguer de 183 arcos e 400 motivos de alumeado decorativo navideño, por un importe máximo de 133.826€ iva engadido repartidos en dúas anualidades: 89.217,33€ no 2014 e 44.608,67€ no ano 2015, de xeito que se atopen instalados e operativos o día 28 de novembro do 2014.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado polo xefe do Servizo de Comercio encomendado ao Enxeñeiro Municipal de data 17-7-2014.*
- Resolución do Concelleiro delegado de Comercio de 21 de xullo de 2014 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.*
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) redactado polo Enxeñeiro Municipal e asinado en data 9 de setembro do 2014, e a memoria xustificativa do contrato da mesma data.*
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 10 de setembro do 2014 sobre cumprimento dos requisitos legais mínimos para a tramitación do contrato.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento aberto de data 22 de setembro do 2014, selado de conformidade pola Asesoría Xurídica Municipal esa mesma data.*
- Informe favorable ao expediente de contratación asinado pola técnica de Administración Xeral municipal co conforme da Titular da Asesoría Xurídica de data 22 de setembro do 2014.*
- Informe de fiscalización da autorización do gasto da Intervención Xeral de data 30 de setembro do 2014, no que se fiscaliza de conformidade o expediente coa salvedade de que deberá correxirse no apartado 3.B das FEC o importe do IVE a soportar pola administración.*
- Dilixencia da Xefa do Servizo de Contratación no que á vista do informe da Intervención Xeral de data 30 de setembro de 2014 procede a modificar o apartado 3.B das FEC do prego de cláusulas administrativas.*
- Prego definitivo de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento aberto de data 30 de setembro do 2014.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art artigo 109.1 do texto refundido da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 29 de xullo de 2014 nos concelleiros de Area. O Concelleiro de Comercio en resolución de 21 de xullo de 2014 autorizou o inicio de este expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Enxeñeiro Municipal encomendado como Xefe do Servizo de Comercio, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, coas correccións precisadas polo informe da Intervención Xeral, de data 30 de setembro do 2014.

Terceiro: O procedemento elexido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da lei de Contratos do Sector Público, emitiuse pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo o día 22 de setembro do 2014 informe favorable ao expediente de contratación, devolvéndoo co prego de cláusulas administrativa particulares visado de conformidade.

Quinto.- No artigo 109.3 e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP se establece que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa foi incorporado pola Intervención Xeral o día 30 de setembro do 2014 previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de Contratos do Sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP), e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e co informe favorable da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o gasto de 133.826€ ive engadido, dos que 89.217,33€ se imputarán á partida 4310.213.0000 do vixente orzamento do ano 2014, e 44.608,67€ imputaranse á mesma partida do vindeiro exercicio do ano 2015.

2º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro en réxime de aluguer de 183 arcos e 400 motivos de alumeado decorativo navideño, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 9 de setembro do 2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro por este procedemento de data 30 de setembro do 2014.

3º.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1084).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ÁREAS BIOSAUDABLES E ÁREAS DEPORTIVO-XIMNÁSTICAS. EXPTE. 7641/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 16.09.14, o informe de fiscalización do 30.09.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, do 29.09.14, conformado polo concelleiro delegado de Parques e Xardíns e pola concelleira delegada de Facenda,, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- *Mediante Resolución de 5 de agosto de 2014 o concelleiro delegado de Parques e Xardíns acordou iniciar o procedemento de contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo.*

Segundo.- *No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:*

- *Informe xustificativo da necesidade de contratación do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 5 de agosto de 2014*
- *Resolución do concelleiro Delegado de Parques e Xardíns de data 5 de agosto de 2014 polo o que se autoriza o expediente de contratación*
- *Memoria Xustificativa, procedemento de adxudicación e criterios de valoración redactado polo Xefe de Servizo de Parques e Xardíns en data 7 de agosto de 2014*
- *Prego de Prescricións Técnicas particulares elaborado polo Departamento Técnico do Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 12 de setembro de 2014*
- *Informe elaborado pola técnica do servizo de contratación en data 15 de setembro de 2014 onde se relaciona a documentación obrante no expediente*
- *Prego de Cláusulas Administrativas Particulares elaborado pola técnica do servizo de contratación en data 15 de setembro de 2014*
- *Informe Xurídico elaborado pola Asesoría Xurídica en data 16 de setembro de 2014*

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 b) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local.

A vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar o gasto de 50.804,96 €/, dos cales 8.817,39 € pertencen ao IVE, desde o 1 de outubro de 2015 ata o 30 de abril de 2015 tal e como se desglosa a continuación:

<i>Ano</i>	<i>Periodo</i>	<i>Importe</i>
<i>2014</i>	<i>01/10/2014 ata 31/12/2014</i>	<i>21.773,55 €</i>

2015	01/01/2015 ata 30/04/2015	29.031,41 €
------	---------------------------	-------------

Que se imputará a partida:

1710-227.99.04 Mantemento de biosaludables

2º Aprobar o expediente de Servizos de Conservación das Áreas Biosaludables e Deportivas Ximnásticas que contén o Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 12/09/2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/09/2014.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1085).- PROXECTO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ (ENTRE AV. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO). EXPTE. 2585/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 29.09.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, de data 26.09.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A empresa PETTRA S.L., presenta o proxecto de "HUMANIZACION DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. DAS CAMELIAS E MENÉNDEZ PELAYO", redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN e pola ENXEÑEIRA INDUSTRIAL BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS TRINTA MIL EUROS (630.000,00 €).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- *Elaboración do proxecto.* O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Santiago N. López Fontán da empresa PETTRA, S.L.

En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

O proxecto ten por obxecto definir as obras de instalación dun ascensor inclinado na rúa Juan Ramón Jiménez, no tramo comprendido entre a Avenida de Camelias e a rúa Menéndez Pelayo. Este proxecto conforma un ámbito de extensión aproximada de 523 m².

A citada instalación percorrerá unha distancia aproximada de 32 m. salvando unha altura de 20 m aproximadamente entre os límites do seu percorrido. Dará servizo a tres paradas, cota 45 m no seu encontro con Menéndez Pelayo; cota 60 m, permitindo o acceso a uns locais existentes nese punto, e cota 65 m, na avenida de Camelias. A capacidade de carga do elevador será de 25 persoas o cal permitirá unha capacidade de desprazamento de máis de 1700 persoas por hora, o deseño da cabina será personalizado para o Concello de Vigo.

O ascensor inclinado esta preparado para intemperie, por iso todos os elementos estruturais teñen as proteccións e deseño necesarios para o fin para o que se instalan de acordo aos criterios globais do proxecto arquitectónico no seu conxunto.

Proxéctanse dous embarques, un superior na parada da Avenida das Camelias á cota 65,13 m, e outro inferior na parada da Rúa Menéndez Pelayo á cota 45,15 m. O obxectivo dos mesmos, é pór en valor os accesos ao ascensor inclinado, servindo á súa vez de resguardo e espera do mesmo. Os dous embarques proxéctanse coa mesma tipoloxía para dar unidade á actuación, respectando as distancias suficientes coas fachadas das edificacións existentes.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SETE MESES.

Terceiro.- *Supervisión do proxecto.* Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Consta no expediente informe preceptivo/facultativo do Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 11 de setembro de 2014.

Cuarto.- *Fiscalización.* O artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.

Por isto o expediente debe ser remitido á Intevención Xeral por si, pola súa natureza, considérase preciso informalo previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa PETTRA, S.L. para a , “HUMANIZACIÓN DA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. DAS CAMELIAS E MENÉNDEZ PELAYO”, dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO , Álvaro Crespo Casal, cun orzamento base de licitación de SEISCENTOS TRINTA MIL MIL EUROS (630.000,00 €) e un prazo de execución de 7 meses. A financiación das obras será realizada da seguinte maneira:

- 600.000 € con cargo a aplicación orzamentaria 1550.619.00.12, “Humanización Juan Ramón Jiménez Camelias M. Pelayo”, do orzamento do presente exercicio 2014.

- O resto dos credits para a execución da totalidade da obra que se corresponden coa cantidade de 30.000 €, serán con cargo os credits que deberá recoller o orzamento correspondente ao ano 2015.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1086).- PROXECTO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN RÚA GREGORIO ESPINO, FASE I. EXPTE. 2587/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 25.09.14 , dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, de data 23.09.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- *Antecedentes*

A empresa INGENIA, presenta o proxecto de “HUMANIZACION DA RÚA GREGORIO ESPINO, FASE 1”, redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS MARIA FERREIRO NÚÑEZ e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO

ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS MIL EUROS (400.000,00 €).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSF contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSF.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos D^a María Ferreiro Núñez da empresa INGENIA.

En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSF e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

A actuación consiste na renovación da pavimentación e os servizos da beirarrúa esquerda da Avda. Alcalde Gregorio Espino, no tramo entre a rúa San Roque e Urzaiz e a disposición dunha mediana con plantacións no tramo entre a rúa Aguiá e a rúa Xilgaro.

No tramo entre a rúa San Roque e Urzaiz, se instalará unha nova rede de abastecemento, e se renovará a tubería da rede de saneamento que actualmente discorre pola beirarrúa, se instalará unha nova rede de alumeado e unha rede de rego. Se disporá novo arborado, mobiliario urbano e xardineiras.

A pavimentación da beirarrúa se realizará con lousas de granito gris alba de 40x60 e 6 cm de espesor.

Se levará a cabo o fresado da calzada no tramo comprendido entre a rúa San Roque e Travesía Pino e no entorno da glorieta existente no cruce coa rúa Pega. A calzada estará composta por unha capa de rodadura de 6 cm.

A mediana a dispoñer entre a rúa Aguiá e a rúa Xilgaro estará confinada por un bordo de granito. Na glorietta existente no cruce coa rúa Pega, se retirará o bordo de formigón existente e se disporá un de granito, e se disporá de xardinería o longo de toda a mediana proxectada.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO MESES

Terceiro.- Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Consta no expediente informe preceptivo/facultativo do Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 11 de setembro de 2014.

Cuarto.- Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.

Por isto o expediente debe ser remitido á Intevención Xeral por si, pola súa natureza, considérase preciso informalo previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa INGENIA para a , "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO, FASE 1", dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS MIL EUROS (400.000,00 €) e un prazo de execución de 4 meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1087).- PROXECTO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN RÚA GERONA, FASE I. EXPTE. 2588/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 26.09.14 , dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, de data 22.09.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A empresa TECNIGAL S.L., presenta o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA, FASE 1", redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ e polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL JOSE MANUEL FOUCES DÍAZ e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (350.000,00 €).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Pablo López Fernández da empresa TECNIGAL, S.L.

En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

A actuación prevista se desenrola entre as ruas Gran Vía e Alfonso X o Sabío o que supón unha lonxitude de 120 m e unha superficie de actuación de 1.534 m².

A sección transversal adoptada asustase as rasantes existentes, manteniendo o sentido do tráfico rodado e resultando:

- Beirarruas (ambos márxenes): 2,55 m. Aparcamientos (ambos márxenes):2,20 m. Vial (sentido único):3,50 m

As actuación a levar a cabo son as seguintes:

-Renovación completa dos pavimentos.

-Redistribución dos espazos.

-Renovación completa do sistema de abastecimento, con novas bocas de rego e hidantes.

-Implantación dun sistema separativo da rede de Saneamento, con incorporación dunha nova rede de pluviais.

-Renovación completa do sistema de alumeadado, con incorporación de novos báculos, grupos ópticos de LEDs, canalizacións e líneas de alumeadado.

-Ampliación da infraestrutura para rede semaforica.

-Implantación de arbolado cos seus correspondentes alcorques e zonas axardinadas.

-Implantación dun sistema de rego con incorporación dun sistema separativo, por goteo para abastecer os alcorques, e outra para as zonas verdes proxectadas.

-Incorporación de novo mobiliario urbán e nova sinalización.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO MESES.

Terceiro.- Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Consta no expediente informe preceptivo/facultativo do Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 17 de setembro de 2014.

Cuarto.- Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica o previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.

Por isto o expediente debe ser remitido á Intevención Xeral por si, pola súa natureza, considérase previo informalo previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA:

1.- *Aprobar o proxecto redactado pola empresa TECNIGAL, S.L. Para a , “HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA, FASE 1”, dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CINCOENTA MIL EUROS (350.000,00 €) e un prazo de execución de 4 meses.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1088).- PROXECTO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN, FASE 3. EXPTE. 2627/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 26.09.14 , dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, de data 23.09.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, presenta o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE 3”, redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS LUIS VILAR MONTORO e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS MIL EUROS (300.000,00 €).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- *Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.*

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas D. Luis Vilar Montoro da empresa Vilar Montoro Ingeniería.

En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

A actuación consiste na execución de mediana axardinada de separación de sentidos de circulación, entre a rúa Padre Celso e a Travesía de Vigo, de modo que se continúe co tratamento e sección de calzada existente entre Genaro de la Fuente e Padre Celso. O proxecto considera as seguintes actuacións:

- Demolición da calzada nun ancho de 1,60 m logo de corte con radial.*
- No seu extremo próximo á rúa Travesía de Vigo, na bágua que forman os carrís de entrada e saída á rúa Aragón dende a Travesía de Vigo, augas abaixo, executarase unha fonte en forma de fervenza.*
- Respectaranse os pasos de peóns actuais interrompendo a mediana e pavimentando con pavimento de baldosa vermello altamira con tacos.*
- Finalmente procederase ao asfaltado dos cruzamentos e á sinalización horizontal necesaria.*

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO MESES.

Terceiro.- *Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable. Consta no expediente informe preceptivo/facultativo do Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 11 de setembro de 2014.*

Cuarto.- *Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.*

Por isto o expediente debe ser remitido á Intevención Xeral por si, pola súa natureza, considérase preciso informalo previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE 3", dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS MIL EUROS (300.000,00 €) e un prazo de execución de 4 meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1089).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "CUBRICIÓN DE ESCALEIRAS MECÁNICAS DA RÚA SEGUNDA REPÚBLICA" DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2589/440.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

9(1090).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "HUMANIZACIÓN DA AVDA. DE CASTRELOS ENTRE A AVDA. PORTANET E CLARA CAMPOAMOR". EXPTE. EXPTE. 2590/440.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

10(1091).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA-BEADE". EXPTE. 2600/440.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

11(1092).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, FASE 1, ENTRE REPÚBLICA ARXENTINA E CANCELEIRO”. EXPTE. 2619/440.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

12(1093).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN MARQUÉS DE VALTERRA”. EXPTE. 2536/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de fomento, do 2.10.14, conformado polo asesor xurídico e polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2013, acordou adxudicar á mercantil ALDASA, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra, por un prezo total de 176.712,50 euros, IVE incluído (expediente nº 2039/440).

II.- Como consecuencia da necesidade de executar previamente a renovación da rede de saneamento en dita rúa con cargo ao plan de investimentos da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento Aqualia, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de abril de 2014, acordou a suspensión do inicio de dita obra ata que sexa renovada a rede de saneamento que discorre baixo a beirarrúa a executar coa humanización (expediente nº 2592/443).

III.- Con data 2 de outubro de 2014, o responsable do contrato, D. Álvaro Crespo Casal, emite informe no que sinala a necesidade de que ALDASA S.L.U. inicie as obras de humanización da rúa Marqués de Valterra dado o inminente inicio da execución das obras de renovación da rede de saneamento ao contar xa coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. No mesmo, sinala que ALDASA S.L.U. debe comezar polos ámbitos da rúa previstos no proxecto non afectados polas obras de saneamento, de modo que unha vez rematados se continúe coa execución dos ámbitos afectados coordinadamente coa adxudicataria das obras do saneamento.

Fundamentos Xurídicos

Único.- A cláusula 2 do Prego de prescricións técnicas particulares que rexe o contrato prevé, en relación co director facultativo das obras, a posibilidade de designar ao Responsable do contrato como Director Facultativo das obras.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear como dirección facultativa da obra ao Técnico Municipal, D. Álvaro Crespo Casal.

Segundo.- *Levantar a suspensión acordada pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 11 de abril de 2014.*

Terceiro.- *Dar traslado do presente acordo á empresa adxudicataria, ALDASA, S.L.U.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.